



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/8	La Junta de Gobierno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de xullo de 2022
Duración	Desde as 10:00 ata as 12:00 horas
Lugar	Despacho da Alcaldía
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	NON
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Mercedes Dengra Sixto: «MOTIVOS LABORAIS»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



Concello de Lourenzá

APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 28/06/22.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e oito de xuño do dous mil vinte e dous (28/06/2022), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Expediente 225/2021. SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENCIA DE OBRA DE D. JOSÉ LUIS CASAL GARCÍA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude de **D. JOSÉ LUIS CASAL GARCÍA**, con NIF.****7749T, con domicilio en Igrexa núm. 20, parroquia de Santa Adrao (Lourenzá) con data 1/07/2022 sendo rexistrada de entrada co núm.1274, para **PRÓRROGA PARA REMATAR TRABALLOS DE PINTURA DAS FACHADAS LATERAL DEREITA E POSTERIOR DA VIVENDA E CONSTRUCCIÓN DE SOLEIRA DE FORMIGÓN DE 5X1,30 M E LUCIDO METADE PAREDE MEDIANEIRA CON VIVENDA COLINDANTE** sita no lugar de Igrexa núm. 20, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), parcela con referencia catastral 002502700PJ31B00010E, e no contorno de protección de Edificación Industrial en Iglesia/Catalogada (Santo Adrao).

Vistos os informes xurídico e do Arquitecto Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da prórroga solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da prórroga ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/07/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo non urbanizable de Núcleo Rural , Igrexa de Santo Adrao.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.

- As obras realizaranse cumprindo as mesmas condicións que a licenza primitiva e que a continuación se transcriben:



Concello de Lourenzá

- As obras a levar a cabo son de escasa complexidade técnica e que non supoñen alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.
- Consta no expediente, dado que a edificación que se pretende rehabilitar está ubicada no contorno de Edificación Industrial na Igrexa/Catalogada, a Resolución favorable da Directora Xeral do Patrimonio Cultural de data 13/05/2021, Expediente 33438, no que se autoriza o solicitado (fachada lateral dereita e posterior da vivenda, lucido da metade da parede medianeira e execución de soleira de formigón de 5x1m) tendo en conta que dita autorización emítese “dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela”.
- Unicamente se autoriza a construción da soleira de 5m de largo por 1 m. de ancho, segundo consta nutorización xa citada da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, deixando sin efecto a modificación das dimensións indicadas polo solicitante en data posterior.

Expediente 283/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D^a PILAR REGA PARDEIRO EN REPRESENTACIÓN DE HOTEL HERMANOS IRIMIA REGA S.L. PARA REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE FACHADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D^a. PILAR REGA PARDEIRO** con DNI. NÚM. ****6731-E, en representación de HOTEL HERMANOS IRIMIA REGA S.L., con CIF. B-27258680, con domicilio en Rúa Illa Nova núm. 19 (27780 Foz), con data 06/05/2021 sendo rexistrada de entrada co núm. 842 para a realización dos traballos consistentes en **REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE FACHADA EN EDIFICACIÓN NA MESMA COR EXISTENTE** sita en Avelino Montero Villegas núm. 17, parroquia de Santa María (Lourenzá), na parcela con Referencia Catastral 7647015PJ3174N0001TF, na zona de policía, marxe dereita dun tramo entubado do rego de Recemil a unha distancia que non se pode concretar e na zona de policía, marxe esquerda do rego de Arroxo, a unha distancia que tampouco se pode concretar, a pesar de elo as obras sí estarían na zona de servidume do rego de Arroxo, ao discurrir o mesmo entubado polo medio da rúa e ter unha anchura de 2,70 metros e dentro da zona PEPRI, figurando o propio



Concello de Lourenzá

edificio dentro do inventario do PEPRI, con nivel de protección 3-ambiental.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 20/07/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano- Ordenanza Z-1 Centro Histórico (PEPRI).

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Os canalóns serán de cobre ou zinc-titanio. As baixantes serán de percorrido vertical, evitando codos e levarán un cubre baixantes de protección en fundición de 2 metros de altura.

- A cor da fachada sera similar á existente.

- Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.

- Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, ao que se fai referencia no informe do técnico municipal, Expediente DH.W27.81485, de data 21/06/2022, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións



Concello de Lourenzá

específicas que lle sinala o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán na reparación e acondicionamento da fachada dunha edificación na parcela con referencia catastral 7647015PJ3174N0001TF; na zona de servidume do Rego de Arroxo, na Rúa Avelino Montero Villegas, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo).

As ditas obras consistirán na reparación e acondicionamento da fachada dunha edificación que data do ano 1912 segundo o Catastro. O solicitante aporta documentación técnica das obras que definen os seguintes traballos:

- a) Reparación de danos con morteiros de cemento na parede da fachada.
- b) Cubrición da parte superior da fachada con lousa para evitar filtracións.
- c) Colocación de baixantes e canlóns.
- d) Pintado de fachada principal polo exterior da mesma.

As futuras obras estarían situadas na zona de policía da marxe dereita dun tramo intubado urbano do Rego de Recimil, a unha distancia que non se pode concretar así como a súa vez, as ditas obras situaríanse na zona de policía da marxe esquerda do tramo intubado urbano do Rego Arroxo, a unha distancia que tampouco se pode concretar. Maila que non se puido concretar a distancia con respecto ao rego de Arroxo, as obras poderían situarse dentro da zona de servidume do rego, por discorrer ao parecer o mesmo intubado pola media rúa e ter unha anchura de 2,70 metros.

2.- As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de



Concello de Lourenzá

mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións, nin en forma nin en volume construído, e sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente.

3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nés máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.

4.- Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria.

5.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesario durante a execución das obras, implementaránse os sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara aos leitos públicos.

6.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos así como o depósito permanente de calquera material contaminante, cascallos e materiais de construción, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable) tendo especial coidado cos materiais de construción utilizados.

En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021; así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.

7.- Os cascallos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable.

8.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica, e estrutural elixida polo promotor.

9.- No caso de que coa execución das obras haxa unha ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisárase acordo cos seus titulares.

10.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando



Concello de Lourenzá

terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

11.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

12.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.”

- As obras solicitadas consisten en reparación e acondicionamento de fachada de edificio en C/Avelino Montero Villegas núm. 17, e que dado que as citadas obras encóntranse dentro da zona do PEPRI de Lourenzá , figurando o propio edificio no inventario do PEPRI de Lourenzá con nivel de protección 3- ambiental, sen embargo non é necesario solicitar permiso ante a Consellería de Cultura en base á Resolución de 02/08/2019 relativa aos edificios considerados bens catalogados cando se trate de actuacións de pintura de fachadas ou das carpinterías exteriores na mesma cor existente.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar sesenta e tres euros (63,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil cen euros (2.100,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Concello de Lourenzá

Expediente 608/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D^a MARIA DIGNA GEADA FERREIRO PARA REHABILITACIÓN DE FACHADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D^a. MARÍA DIGNA GEADA FERREIRO** con NIF. ****7791L, con domicilio no lugar de Castiñeiras Verdes núm. 19, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con data 24/11/2021 sendo rexistrado o día 25/11/21 co núm. 2342, para a realización das obras consistentes en **REHABILITACIÓN DE FACHADA**, no lugar de Castiñeiras Verdes núm.19, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con referencia catastral 002400100PJ31B0001IE, na zona de influencia da estrada autonómica LU-122 Paraxes (LU-120)-Lourenzá (N-634a), punto kilométrico 27,800 marxe esquerda e no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, Ruta da Costa, para o que acompaña Memoria Técnica de data xuño/2021, redactada por D. Oscar López Alba, arquitecto colexiado núm.2576.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 16/06/22 a saber:
 - Estricta suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural (NRT-15 Iglesia Santo Tomé).
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.
 - Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.
 - As obras solicitadas consisten en colocar nova carpintería de aluminio ou de PVC de cor bramca.
 - Consta no expediente os informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de datas 02/02/2022 e 06/04/2022, Expediente 2021/2327, no que figuran, literalmente, o seguinte:
“Informe 02/02/2022:
RESOLVO: Autorizar as obras contidas na memoria valorada para a rehabilitación de fachada, no lugar de Castiñeiras Verdes 19, parroquia de Santo Tomé, no Concello de Lourenzá (Lugo) de acordo co cumprimento das condicións sinaladas no punto 2.2 desta Resolución, que son:



Concello de Lourenzá

- a) Para preservación das condicións ambientais e os valores arquitectónicos das vivendas e construcións tradicionais considérase imprescindible que cando se realicen obra que impliquen a actuacións sobre as ventás, se proceda á súa reparación, ou , se isto non é posible, a súa substitución por outras de madeira, evitando a utilización de materiais alleos, como pode ser o aluminio ou o PVC.
- b) O problema que se vén producindo coas ventás tradicionais é a súa substitución por ventás de aluminio ou PVC, coa conseguinte perda no valor arquitectónico das construcións e nos valores ambientais dos núcleos nos que estas se sitúan.
- c) Isto vese incrementado nos casos nos que se pretende imitar a solución tradicional utilizando materiais modernos, como pode ser o caso das ventás de aluminio que imitan as divisións das ventás de madeira mediante perfís de plástico colocados no interior da cámara dos vidros dobres ou os perfís de ventá de PVC que imitan na súa textura e cor aos de madeira.
- d) O criterio que se vai seguir nas portas é similar ao adoptado nos outros elementos de madeira. Cando sexa posible a reparación das portas orixinais, substitúense as partes deterioradas por outras novas, esta é a opción máis adecuada. Cando o estado de deterioración das portas orixinais sexa tan avanzado que as faga irrecuperables, recoméndase a súa substitución por outras, tamén de madeira, de características similares ás das orixinais. Cando se opte pola utilización de deseños contemporáneos, estes deben ser acordes coas características de sobriedade e sinxeleza dos deseños da arquitectura tradicional.
- e) Nas portas de entrada ás casas o efecto desfavorable producido pola introdución de materiais alleos á arquitectura tradicional vese incrementado pola utilización de portas prefabricadas con deseños complexos que imitan modelos foráneos, sen ningún sentido no contexto construtivo galego. Este tipo de portas incorporan a miúdo ocos cerrados con vidro, falsos maineis de plástico e elementos dourados que nada teñen que ver coa sobria beleza das formas sinxelas das portas tradicionais de madeira.
- f) Para evitar os problemas de mantemento derivados da utilización de vernices recoméndase a protección dos elementos de madeira ao exterior mediante pinturas, que ao estar pigmentadas teñen unha resistencia aos raios ultravioleta moi superior á dos vernices, e que se manteñen en boas condicións durante períodos de máis de dez anos.
- g) Outros produtos pra o acabado superficial da madeira son os lasures que se caracterizan por non formar capa sobre a superficie de madeira, facilitado o mantemento por aplicación dunha nova capa sobre a anterior sen necesidade de eliminar as capas vellas. Os lasures incorporan pigmentos, o que os fai resistentes aos raios



Concello de Lourenzá

ultravioletas, e elementos funxicidas e insecticidas que achegan unha protección adicional fronte aos fungos e insectos xilófagos.

h) As ventás tradicionais contan, polo xeral, con contras que permiten o peche do oco pola parte inferior das follas. As contras fíxanse cando están pechadas mediante trancas de ferro ou aldrabas que proporcionan seguridade e escurecemento á vivenda.

i) A problemática relativa ás contras vai ligada á da ventá. A substitución das ventás de madeira por ventás de aluminio leva consigo a substitución tamén das contras por outras dese material. En ocasións incluso se substitúen por persianas o que produce un resultado moito máis desafortunado.

j) As contras de madeira constitúen unha boa solución para achegar seguridade e escurecemento ás vivendas e contribúen á creación de espazos moito máis cálidos e confortables que as de aluminio ou as persianas, co seu aspecto frío e terso. Polo tanto, do mesmo xeito que coas ventás, manteranse as contras de madeira ou se fose necesario a súa substitución por outras do mesmo material.

Informe 06/04/2022:

RESOLVO autorizar as obras contidas na memoria valorada para a rehabilitación de fachada, no lugar de Castiñeiras Verdes 19, parroquia de Santo Tomé, no Concello de Lourenzá (Lugo).

As consideracións do punto 2.2 incluídas nos antecedentes e consideracións técnicas deben entenderse como recomendacións ou observacións en tanto que contidas nun informe de trámite e en coherencia co sentido da resolución autorizatoria da Dirección Xeral, que, de xeito patente, non as asume por faceren o seu contido estimatorio da Dirección Xeral imposible.

O que se pon de manifesto ao amparo do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas."

- Consta no expediente a declaración responsable ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), por estar a construción na zona de afección da Estrada LU-122 Paraxes (LU-120)- Lourenzá (N-634 no punto kilométrico 27,800 marxe esquerdo de data 28/04/2022, con rexistro de saída núm. 451 de 29/04/2022.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos oitenta e tres euros con oito céntimos (383,08) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en doce mil setecentos sesenta e nove euros con trinta e oito céntimos (12.769,38). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Concello de Lourenzá

Expediente 627/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D^a ANUNCIA LÓPEZ LÓPEZ PARA PECHE DE FINCA E BASE DE FORMIGÓN

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D^a. ANUNCIA LÓPEZ LÓPEZ**, con NIF. ****4253-H, con domicilio en Avda. Das Fontiñas núm. 222-baixo (27002 Lugo), e na súa representación, D. Ramón Rodríguez Paleo, con NIF.****4658-S, con domicilio a efectos de notificacións en Avda. Alvaro Cunqueiro núm.15-4d (27780 Foz), con data 07/12/2021, sendo rexistrado de entrada co núm. 2432, para a realización das obras consistentes en **PECHE DE FINCA E BASE DE FORMIGÓN** na finca sita no lugar de Pereiro, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con referencia catastral 27027C01003204, no contorno de protección da Casa na estrada LU-131 en Veiga de San Tomé I/Catalogada, así como no punto kilométrico 29,00, marxe esquerdo da estrada LU-122, que une Paraxes con Lourenzá, para o que acompaña Proxecto Técnico de data Novembro/2021, redactada por D. Ramón Rodríguez Paleo, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado núm. 240 do COITA de Lugo.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 23/06/22 a saber:
 - Estricta suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - Estas obras pola súa escasa complexidade e dado que non contemplan ningunha actividade nin uso non necesitan Proxecto Técnico.
 - Consta no expediente a autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de data 11/02/2022, Expediente IF204A/LU/2021/0578; por estar a construción na zona de afección da Estrada LU-122 Paraxes (LU-120)- Lourenzá (N-634a), no punto kilométrico 29,00 marxe esquerda, na que se sinalan as condicións tanto xerais como particulares que deberán cumprirse e que literalmente son as seguintes:

“A)CONDICIÓNES PARTICULARES.

- 1.- As obras solicitadas na parcela de 27027C01003204 no entorno



Concello de Lourenzá

do p.q. 29,000 na marxe esquerda da LU-122 consisten en peche de finca e soleira de formigón.

2.- O cerramento autorizado a partir da liña de delimitación exterior da zona de servidume da estrada será do tipo diáfano:

a) Arbustivo: de menos de 120 m. De altura, ou

b) Non arbustivo: composto por un zócalo opaco que non sobresaia máis de 40 cm da rasante do terreo, podendo contar cunha malla metálica que poderá estar plastificada, cunha apertura mínima de 3 cm e un diámetro dos arames non superior a 3 mm.

3.- O punto de obra máis próximo á estrada situarase a distancia non inferior ó límite exterior da zona de servidume que determina o artigo 39 da LEG., é dicir, neste caso, a 2 metros da liña de dominio público que se reflicte no plano parcelario achegado.

4.-As obras deberán estar rematadas no prazo de doce(12) meses, que se empezarán a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas no prazo establecido, deberá solicitar unha prórroga, con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

A autorización considerarase caducada no caso de non executar ou iniciar a actividade no prazo establecido.

6.- Serán de aplicación as CONDICIÓNS XERAIS que se xuntan.

B) CONDICIÓNS XERAIS.

1.- A autorización outórgase a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2.- A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíbel previa notificación do cambio de titularidade a este servizo.

3.- Se para a execución da obra, instalación ou actividade fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización de acceso neste Servizo provincial.

Así mesmo, calquera outro tipo de obras que se prentenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como peches, canalizacións ou



Concello de Lourenzá

cruces subterráneos, acometidas, etc, que non comprenda a presente autorización, requirirán autorización expresa deste servizo.

4.- Durante o tempo no que se manteñan as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectando, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a Instrución 8.3-IC, sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, o Código de circulación, o Manuel de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo o petionario responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen as obras retire a instalación.

5.- No caso de necesitar realizar cortes e desvíos do tráfico na execución das obras, o solicitante deberá obter previamente a preceptiva AUTORIZACIÓN da Xefatura Provincial de Tráfico, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD.1428/2003) que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.

6.- As obras, instalacións ou actividades executaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.

7.- Non se poderán iniciar as obras sen que este Servizo sexa coñecedor do seu inicio para o que comunicará o seu inicio a este servizo cunha antelación mínima de sete (7) días.

8.- As obras, instalacións ou actividades autorizadas executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste Servizo provincial, cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e , ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.

9.- O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade, con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

10.- Durante a execución das obras:

a) Será de conta do petionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes.



Concello de Lourenzá

b) Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público.

c) Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada.

d) Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique o bo drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.

11.- Logo de rematada a actuación, o persoal deste Servizo Provincial documentará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade coas termos da autorización.

Para isto, o interesado comunicará a este servizo provincial, cunha antelación mínima de sete (7) días, a data que prevexa para o remate da devandita actuación. Estenderase unha acta de conformidade, ou , no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección.

A acta de conformidade da finalización das obras implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións no que a normativa sectorial de estradas se refire, e a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias.

12.- O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización, e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

13.- O incumprimento das condicións descritas nesta autorización dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio público viario e o réxime sancionador.

- Consta tamén no expediente a Resolución favorable da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 04/04/2022, Expediente 35905, que literalmente di:

“RESOLVO Autorizar o solicitado. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas, ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.



Concello de Lourenzá

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento noventa euros con seis céntimos (190,06) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en seis mil trescentos trinta e cinco euros con corenta e seis céntimos (6.335,46). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 33/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D^a CÁNDIDA CAMPOS CRECENTE PARA REHABILITACIÓN DE MURO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D^a. CÁNDIDA CAMPOS CRECENTE**, con DNI.****7028-K, con domicilio no lugar de Veiga, núm. 12, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), de data 03/02/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 2022-E-RE-183, para a realización dos traballos consistentes en **OBRAS DE REHABILITACIÓN DE 12 METROS DE MURO**, no lugar de Veiga núm. 12, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con Referencia Catastral 27027C006015230000DG, na zona de afección do rego Polvoreiro, afluente do río Batán.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 14/07/22 a saber:
 - Estricta suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural de Igrexa Santo Adrao (NRT 17).
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.
 - As obras solicitadas consisten na reparación de muro de pedra, duns 12 metros empregando o mesmo material.
 - Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.
 - Consta no expediente a Declaración Responsable presentada ante Augas de Galicia polo promotor para a execución de ditas obras, de data 25/03/2022, por tratarse dunhas obras que se encontran na zona de afección do rego Polvoreiro, afluente do río Batán e dado



Concello de Lourenzá

que as obras a realizar teñen a consideración de actuacións menores segundo o disposto no punto dous da Disposición Adicional Segunda do Decreto 1/2015 de 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenrolo da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de Augas de Galicia.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta euros (30,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil euros (1.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 59/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D. FRANCISCO GRANDIO GARCÍA PARA PECHE PERIMETRAL DE FINCA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. FRANCISCO GRANDÍO GARCÍA** con NIF. ****0871S, con domicilio no lugar de As Pedreiras núm. 3, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con data 01/02/2022, sendo rexistrado co núm. 166, para a realización das obras consistentes en **PECHE PERIMETRAL DE FINCA PARA GANADO** no lugar de As Pedreiras, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con referencia catastral 27027C009029270000DW, na zona de influencia dun rego innominado no lugar de Pedreiras (Santo Tomé) e na zona de influencia do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 04/07/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.



Concello de Lourenzá

- Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural , da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 18/04/2022, Expediente 2022/0394, que literalmente dice:

“RESOLVO Autorizar a execución das obras de peche gandeiro en As Pedreiras, 3, referencia catastral 27027C00902927, Lourenzá, de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 desta resolución, que dí:

Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características do ben afectado, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son COMPATIBLES coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño,co cumprimento das seguintes condicións:

a) Recoméndase que os postes sexan de madeira o metálicos de aceiro galvanizado sen brillo ou aceiro cortén de reducidas dimensións. De optaren por postes de formigón deberán ser de sección cadrada de 8x8 ou 10x10 cm. No seu acabado natural sen pintar), no podéndose empregar viguetas prefabricadas.

b) De preverse a necesidade de dispoñer unha malla nalgúns puntos, deberá ser de aceiro galvanizado no seu acabado natural sen plastificar. Non se admitirá a colocación de teas, canizos ou sebes artificiais sobre a malla.

c) As cancelas serán permeables e deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado, sen superar en ningún caso a altura deste.

d) Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira realizar, deberá ser novamente sometida a autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de materiais, elementos construtivos característicos e integración na paisaxe.”

-Consta no expediente o informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 04/03/2022, Núm. Ref. 64/2022, no que literalmente consta:

“As actuacións pretendidas de peche de parcela, pola súa escasa entidade, non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de construcións, en particular ó relativo ao cumprimento das distancias a lindeiros, cauces e rede viaria, o que corresponderá ao órgano



Concello de Lourenzá

competente para conceder a licenza que puidese corresponder.”

- Obra no expediente declaración responsable presentada polo promotor perante Augas de Galicia con data 18/02/22 ao ser unha obra que se atopa na zona de influencia dun rego innominado no lugar de Pedreiras da Parroquia de Santo Tomé de Lourenzá.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trinta e catro euros con cincuenta céntimos (34,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil cento cincuenta euros (1.150,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 186/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA DE D. FERNANDO VENTOSO LÓPEZ PARA PINTURA GALERÍA POSTERIOR.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. FERNANDO VENTOSO LÓPEZ**, con NIF.****4999-W, con domicilio en C/ Gaztambide núm. 57 de Madrid, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 04/04/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 601, para a realización dos traballos consistentes en **PINTURA DA GALERÍA POSTERIOR NAS MESMAS CORES QUE TEN ACTUALMENTE** en vivenda unifamiliar sita en Paseo de Oia núm. 2, parroquia de Santa María (Lourenzá), con Referencia Catastral 7846002PJ3174N0001OF, na zona de afección do rego de Arroxo e na zona do PEPRI de Lourenzá, estando catalogada a propia vivenda no Plan Básico Autonómico (Casa Miguelito).

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 07/07/22 a saber:
 - Estricta suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo Urbano.
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.
 - Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.



Concello de Lourenzá

- Consta no expediente a presentación da Declaración Responsable de 04/04/222, para a execución de ditas obras de conformidade co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

